

## COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL POLÍTICA SOCIAL

Santiago de Compostela, 24/11/22

### PROBLEMÁTICA NOS DISTINTOS CENTROS POLO INGRESO DE USUARIOS PSIQUIÁTRICOS

Esta cuestión xa foi tratada en anteriores comités, vólvese a incidir na necesidade de abordar a problemática, xa que as consecuencias, de non poñer solución, poden chegar a ser graves, de feito estanse a producir situacións nas que o persoal acode ao seu traballo con medo.

Concórdase na necesidade de que se rexistren todos os episodios de agresións ou de risco de agresións aínda que non causen lesión nin se chegue á incapacidade temporal, do persoal, todo elo co fin de poder cuantificar e facer visible este problema que se produce de xeito habitual nos centros.

### INEXISTENCIA DE ESPAZOS ESPECÍFICOS PARA A LACTACIÓN

UGT incluíu este punto formulando o seu incumprimento por parte da Administración. As propias medidas do manual de prevención no embarazo e a lactación do Servizo de Prevención da Xunta de Galicia e a Lei 5/2001, obrigan a que os novos edificios de uso público deben estar dotados de espazos específicos para a lactación dotados con cambiadores para o aseo de nenos e nenas e os demais edificios deberían terse adaptado no prazo de 6 anos á entrada en vigor da norma.

Ante este incumprimento nos novos edificios e a falla de previsión de adaptación do resto de edificios de uso público da nosa Consellería a administración comprometeuse a valorar unha solución.

### ESTADO DE AVALIACIÓNS DE RISCOS PSICOSOCIAIS

Exponse o resultado das distintas avaliacións de riscos psicosociais salientando que na Residencia de Maiores de Oleiros non se chegou á participación mínima para a valoración dos resultados. Esta falla de participación pode ser atribuída á non implantación de medidas correctoras tras a primeira enquisa de avaliación de riscos realizada.

Acórdase volver a reunir ao grupo de traballo e volver a traballar sobre os resultados da primeira enquisa realizada.

### ADAPTACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO

Este tema foi tratado en anteriores comités fórmulase a necesidade de abordar este problema, a administración refire que é un tema que lle preocupa que sigue buscando solución.

### REALIZACIÓN DE ESTUDOS DE RISCOS PSICOSOCIAIS NOS SERVIZOS DE MENORES

Tras a valoración de moi malos resultados da avaliación de riscos psicosociais do servizo de menores en Vigo fórmulase se esta problemática é puntual de este Servizo ou xeral de todos os servizos de menores da nosa Consellería, motivo polo que se acorda a necesidade de realizar estudos de valoración de riscos psicosociais en todos os servizos das distintas provincias es que os seus resultados sexan revisados polo grupo de traballo xa creado para a avaliación de riscos psicosociais do servizo de menores de Vigo.

